

MATRÍCULA PARA O INGRESO EN TITULACIÓN UNIVERSITARIAS CON LÍMITE DE PRAZAS DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

A Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG)

INFORMA:

Que unha vez pechado o sexto prazo de matrícula en titulacións con límite de prazas do SUG (do 21 ao 23 de outubro), nas titulacións relacionadas a continuación que teñen a matrícula pechada, non se cubriron as prazas aprobadas polo MEC para o curso 2009-2010, polo que **esta Comisión CiUG procederá a chamar a matrícula ao alumnado que está nas listaxes de espera das seguintes titulacións co obxecto de cubrir as prazas vacantes.**

Código	Titulación	Campus	Colectivo	Nota de corte
3820	Grao en Enfermaría – Meixoeiro	Vigo	PAAU	22106.73
3821	Grao en Enfermaría – Povisa	Vigo	PAAU	22106.23
5200	Licenciatura en Veterinaria	Lugo	PAAU	22106.43
6824	Grao en Terapia Ocupacional	A Coruña	PAAU	22105.00
6824	Grao en Terapia Ocupacional	A Coruña	FP	20006.2
6837	Grao en Educación Primaria	A Coruña	FP	20006.7

NOTIFICACIÓN:

Estase remitindo dende a CiUG ao alumnado unha resolución administrativa ao domicilio dos interesados/as informándolles do prazo para a formalización da matrícula.

PRAZO DE MATRÍCULA: Do mércores día 28 ata as 14,00 horas do venres día 30 de outubro.

LUGAR E HORARIO: Das 9,00 ás 14,00 horas.

Universidade da Coruña: Os centros onde se imparten as correspondentes titulacións. A matrícula poderá facerse tamén *na Internet* (dirección: <http://matricula.udc.es>).

**Universidade de Santiago:
Campus de Santiago:** As Unidades de Xestión Académica (UXA) ubicadas nos Campus Norte e Sur.

Campus de Lugo: A Unidade de Xestión Académica (UXA) ubicada no Campus de Lugo. A matrícula poderá facerse tamén *na Internet* (dirección: <http://matricula.usc.es>).

Universidade de Vigo: Os centros onde se imparten as correspondentes titulacións. A matrícula poderá facerse tamén *na Internet* (dirección: <http://www.uvigo.es> alumnado: AUTO-MATRICULA).

DOCUMENTACIÓN: A requerida nos sobres de matrícula de cada Universidade.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2009

Manuel R. Bermejo Patiño
Presidente da **CiUG**

*EXCMOS. SRES. REITORES MAGFCOS. DAS TRES UNIVERSIDADES DO SUG.-

*SRES. XEFES DOS SERVIZOS DE ALUMNADO DAS TRES UNIVERSIDADES DO SUG.-

*SRES/AS ENCARGADOS/AS DOS LERD.-

*SRES/AS. RESPONSABLES DAS OFICINAS DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA (OIU, SAPE, SIOPE).-

*SRES. XEFES DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS DAS TRES UNIVERSIDADES DO SUG.-

*SRES. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA DA USC.-

*SR. RESPONSABLE DO SASUGA.-